

Tema 8:

O TEATRO GALEGO ENTRE 1936 E 1975: a xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia.

Tras o pulo do teatro nas décadas anteriores, na ditadura o teatro vivirá **un período de penuria e inactividade**, por mor da falta de liberdade. A represión sobre o idioma e a censura sobre os contidos provocarán que nas dúas primeiras décadas da ditadura o teatro se suma no silencio ou no costumismo dos coros populares, que, controlados polo réxime, representaban en galego pezas folclóricas. Isto fará que o teatro galego se refuxie **no exilio americano**: en Bos Aires represéntanse obras en galego a cargo das compañías de Maruxa Villanueva ou Teatro Popular Galego (fundada por Blanco Amor). Castelao, Luís Seoane ou Varela Buxán escribirán alí as súas pezas teatrais.

A recuperación do teatro virá da man da Xeración do 36 e do Grupo Galaxia, en cuxa editorial se publicarán os primeiros textos teatrais da posguerra. Na década de 1960 o teatro continuará a súa normalización cos primeiros grupos teatrais, que terán que soportar a censura franquista (a Asociación Cultural “O Facho”, da Coruña, creou o primeiro grupo teatral da posguerra, en 1965). O panorama teatral da posguerra pódese dividir en tres promocións:

1. O teatro de posguerra, a partir dos anos 50:

- Autores que naceron arredor de 1910, formáronse na Segunda República e mesmo algúns teñen obra publicada antes da Guerra.
- Cultivaron outros xéneros e, no ámbito teatral, a súa escrita é un labor demorado, pois son conscientes de que as obras serán de difícil publicación e estrea.
- Nos seus textos aflora o home da posguerra, que vive coa angustia do presente e a desesperanza no futuro.

Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981): poeta e narrador, é autor de ***O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*** (1958), obra fundamental na recuperación do teatro galego, non só pola súa calidade e orixinalidade, senón tamén polas trabas coa censura que tivo que afrontar antes da súa estrea. Nela trata un tema universal: a busca da identidade, a través de personaxes da literatura universal como o Hamlet de Shakespeare, mesturado cos mitos clásicos de Edipo e Orestes.

Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979): narrador e poeta, iniciou o seu labor teatral en Bos Aires e continuouno en Galicia, a partir do ano 1965. O seu teatro caracterízase pola diversidade: hai nel influencias do expresionismo europeo e do teatro de marionetas (***Farsas para títeres***, 1973), costumismo e humor popular.

Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910-Compostela, 1990): catedrático represaliado polo franquismo, poeta e novelista, é autor dunha obra teatral ampla e variada, que inclúe títulos sobre a vida rural da época (***Farsa das zocas***) ou o drama da existencia, abordado na súa obra máis importante, ***Auto do prisioneiro***, que achega ao noso teatro a influencia do teatro existencialista e do teatro do absurdo.

2. A Xeración dos 50: O exemplo da primeira xeración da posguerra serviu de estímulo a unha nova promoción de autoras e autores, caracterizados polos seguintes trazos:

- Xeración posterior á Guerra Civil.
- O seu labor creador está condicionado por unha fonda preocupación pola falta de liberdade e a opresión social. O texto dramático critica a realidade.
- Abordan temas heteroxéneos: da recreación histórica ata o drama psicolóxico.

Xohana Torres (Compostela, 1931-Vigo, 2017): poeta e autora dunha novela da NNG, publicou dúas obras teatrais: ***A outra banda do Íberr*** (1965), onde trata o drama do exilio

político, e *Un hotel de primeira sobre o río* (1968), sobre o conflito da expropiacións de terras. O seu teatro, con mulleres como protagonistas, ofrecénonos unha perspectiva feminina, tanto no ámbito social como no individual (o amor, a realización persoal...).

Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004): poeta e autor teatral. Comezou publicando un teatro poético, case sen acción, con *Auto do taberneiro* (1957). Escribe despois un teatro popular e reivindicativo, caracterizado pola reflexión sobre o pasado histórico ou a sátira sobre temas polémicos actuais: *Farsa de Bulubú* (1973), *Unha vez foi o trebón* (1975, sobre os Irmandiños).

Daniel Cortezón (Ribadeo, 1927). Especializouse na temática histórica: *Prisciliano* (1970), *Os irmandiños* (1977) ou *Pedro Madruga* (1980). Estas pezas adoitan presentar unha trama elaborada e complexa na que todos os elementos (ambientación, personaxes...) contribúen a dar unha visión integral do feito histórico representado.

3. O Grupo de Ribadavia. Desde o remate dos anos 60, o teatro galego vive un gran desenvolvemento. As lentas mudanzas no contexto socio-político propician a recuperación das actividades teatrais: nacen os primeiros grupos teatrais (O Facho, Teatro Circo...) e, a partir de 1973, A **Agrupación Cultural Abrente** comeza a celebrar a Mostra de Teatro de Ribadavia, un feito de grande importancia, xa que servirá de plataforma de lanzamento para novas compañías (Antroido, Troula, Artello...) e novos dramaturgos. Estes escritores presentan as seguintes características:

- Nados entre as décadas dos 40 e 50, reciben o nome das Mostras de Teatro de Ribadavia.
- Impulsan a profesionalización do teatro, pois están vinculados á práctica teatral: son tamén actores, directores...
- Gusto polo experimentalismo e a conexión coas tendencias do teatro europeo do momento (simbolismo, absurdo, farsas...).
- Fan teatro comprometido, que denuncia a opresión política, lingüística e cultural.



Euloxio Rodríguez Ruibal (Ordes, 1945): actor e posteriormente fundador dunha compañía, gaña coa súa obra *Zardigot* o premio Abrente na primeira Mostra de Ribadavia (1973). Nela salienta a presenza dos temas da violencia e a opresión e seu ton experimental, como o emprego de técnicas da linguaxe cinematográfica.

Manuel Lourenzo (Ferreira de Valadouro, 1943). Home de teatro total: dramaturgo, actor, director, profesor e investigador da historia do teatro galego. Fundou varias compañías como O Facho ou Teatro Circo. Traduciu ao galego obras de Jean Genet ou Bertolt Brecht. Multigalardoado no teatro galego, recibiu o Premio Nacional de Literatura Dramática en 1997. A súa obra desenvolve tres liñas: a clásica, na que actualiza mitos gregos ou da Materia de Bretaña; a histórica, na que recupera figuras do pasado de Galicia ofrecendo unha visión anovada; e a do «teatro inmediato», na que aflora unha dimensión crítica coa sociedade actual. A súa produción, que se aproxima aos 150 títulos, ten obras como *Erros e ferros de Pedro Madruga* (1972) ou *Suite Artabria* (2017).

Roberto Vidal Bolaño (Compostela, 1950 - 2002). Foi un dos grandes impulsores do teatro galego. Único dramaturgo ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas, en 2013. Foi actor, director, fundador das compañías Teatro Antroido e Teatro do Aquí e, sobre todo, autor teatral. Deuse a coñecer coa obra expresionista *Laudamuco, señor de ningures* (1976), centrada na figura do poder opresor. Interesado polo Entroido e as manifestacións parateatrais da cultura galega, abordou diversos temas con perspectiva crítica: desde a emigración a Europa en *Cochos* e *Sen ir máis lonxe*, a vida de Rosalía en *Agasallo de sombras*, o mundo da delincuencia en *Saxo tenor*, a vida nas urbanizacións..., estas últimas inscritas no que se deu en chamar “realismo sucio”.